

Leus de jazz O Sister!



“STOMPIN’ IN JOY” (literalmente “zapateando de alegría”) representa para O Sister! o seu terceiro LP, a súa cuarta referencia discográfica e a súa estrea como compositores. En efecto, este grupo sevillano que desde as súas orixes homenaxea o swing das primeiras décadas do século XX, encarou o reto de incluír por primeira vez no seu repertorio unha serie de cancións propias, aínda que sempre con ese estilo próximo ao jazz máis popular e bailable que lles caracteriza. Unha obra que amosa a consolidación e a madurez do sexteto, así como a evolución do seu son ao jazz máis primixenio, o dixieland, estilo que adquiriron e integraron desde a súa xira por Nova Orleáns (EEUU) a finais do 2014 sumando instrumentos tradicionais como o banxo e o washboard (táboa de lavar).



Aula da Natureza Juan Lembeye Xardín Botánico Ría do Burgo
do 30 de xuño ao 3 de xullo ás 20:30 h.

venres de jazz

Leira Catro



Leira Catro é a converxencia de catro artistas que levan máis de dúas décadas de convivencia nos escenarios, tanto en formacións conxuntas como en grupos paralelos, e que deciden asumir un proxecto común mesturando os seus propios caracteres para dar lugar a unha miscelánea de gustos, maneiras e estilos particulares.

sábado de jazz

Iago Mouriño trío



Formación de recente creación (decembro de 2016), con Iago Mouriño ao piano, Pablo Pérez ao contrabaixo e Bruno Couceiro á batería. O repertorio está formado integramente por composicións orixinais de Iago Mouriño. A finais deste ano 2017 o grupo sacará ao mercado o seu primeiro traballo discográfico.

domingo de jazz

Mr. Cool e Felipe Castro



Mr. Cool (Ramón Orencio), acompañado polo gran saxofonista venezolano Felipe Castro, ofreceranos un repaso a un montón de éxitos de diferentes estilos: swing, blues, jazz, bossa, bandas sonoras, boleros...

Las Lollipop



Las Lollipop son tres voces que rememoran a época dourada do swing dos anos 50. Invitan ao espectador a vivir unha experiencia inolvidable deixando patente a elegancia e o espírito da década máis sofisticada do século XX.

Café Brasil trío



Café Brasil Trío está formado por contrabaixo, piano e guitarra-voz. É un trío que versiona jazz e bossa nova. Unha nova experiencia dentro do mundo musical.

Rapazz



Rapazz naceu polo 2008 cando catro músicos afeccionados, levados pola súa paixón pola música se embarcaron na aventura de interpretar esa música vital e con alma que é o jazz. E así, versionando temas clásicos do swing, blues, funky e bossa... tratando de facelos seus e dándolle un toque persoal é como Rapazz entran nesta selva de sons que é o jazz.